



## A GUERRA FRÍA



*Guerra Fría (Anybody-CC BY-SA 4.0)*



# ÍNDICE

---

## A GUERRA FRÍA

1. A GUERRA FRÍA.....	1
1.1 As orixes do conflito. A división do mundo en bloques.....	1
1.2 Características xerais da Guerra Fría.....	2
<i>Exercicios</i> .....	3
1.3 As etapas da Guerra fría e os conflitos principais.....	4
1.3.1 As orixes da Guerra Fría (1947-1953).....	4
1.3.2 A coexistencia pacífica (1953-1962).....	5
1.3.3 Repuntas da tensión (1962-1975).....	5
1.3.4 A Distensión (1975-1979).....	6
1.3.5 A repunta do conflito e a fin da Guerra Fría (1979-1991).....	6
<i>Exercicios</i> .....	7
2. A DESCOLONIZACIÓN.....	8
2.1. As causas da descolonización.....	8
2.2. Os movementos de independencia e o proceso de descolonización.....	8
2.2.1. África.....	8
2.2.2. Asia.....	9
2.2.3. O Neocolonialismo.....	9
2.2.3. O Movemento dos Non Aliñados.....	9
<i>Exercicios</i> .....	10
SOLUCIÓN.....	11

## 1. A GUERRA FRÍA

---


A Guerra Fría foi un dos períodos máis significativos e complexos da historia contemporánea. A súa característica principal vai ser a división do mundo en bloques, o **occidental e capitalista**, liderado polos **Estados Unidos**, e o **oriental e comunista**, liderado pola **Unión Soviética**, e o enfrontamento indirecto entre ambos os bandos. Este conflito prolongouse aproximadamente entre 1947 e 1991 e non se traduciu nunha guerra aberta e directa entre os dous bandos, senón que se manifestou a través dunha intensa competencia ideolóxica, política, económica, tecnolóxica e militar. A ausencia de combates convencionais a grande escala contrastou coa existencia de múltiples conflitos menores e o medo permanente a un conflito nuclear, que ameazaba a existencia da Humanidade no seu conxunto.

### 1.1 As orixes do conflito. A división do mundo en bloques

Logo da vitoria na II Guerra Mundial, os aliados intentaron organizar o mundo da posguerra a través de conferencias, como a de **Ialta** (febreiro de 1945) e a de **Postdam** (xullo de 1945). Porén, as diferenzas entre os Estados Unidos (EE.UU.) e a Unións Soviética (URSS) xurdiron rapidamente. As causas principais foron:

- **A división de Alemaña:** Alemaña estaba ocupada e controlada polas potencias vencedoras. O espazo controlado polos EE.UU., Francia e o Reino Unido acabou por dar lugar en maio de 1949 á República Federal Alemá. Meses despois, en outubro de 1949, no sector ocupado pola URSS, creouse a República Democrática Alemá. A cidade de Berlín, situada dentro da zona de control soviético, tamén foi dividida.
- **A expansión soviética:** a URSS estableceu gobernos comunistas en países de Europa do Leste (Polonia, Hungría, Checoslovaquia...) que foran ocupados polo exercito vermello na II Guerra Mundial no seu avance cara á Alemaña. Isto acabou por crear a denominada *Cortina de Ferro*, termo acuñado por Winston Churchill para describir a fronteira ideolóxica que separaba o leste comunista do oeste capitalista.
- **A doutrina Truman, o Plan Marshal e a resposta soviética:** en 1947, o presidente estadounidense Truman, anunciou a súa doutrina de contención do comunismo, ofrecendo axuda económica e militar a países ameazados, como Grecia e Turquía. O Plan Marshal (1948-1951) inxectou 13.000 millóns de dólares para reconstruír a Europa Occidental, reforzando a dependencia destes territorios cos EE.UU. e evitando a expansión soviética. A resposta da URSS foi a creación do Comecon en 1949, que foi unha organización económica alternativa ao Plan Marshal.
- **A creación da OTAN e o Pacto de Varsovia:** en abril de 1949 creouse a OTAN (Organización do Tratado do Atlántico Norte), organización militar de axuda mutua formada polos EE.UU., Canadá e varios países da Europa Occidental. En 1955, tras o ingreso da Alemaña Occidental na OTAN, a Unión Soviética e os seus aliados

asinaron o Pacto de Varsovia, co obxectivo de coordinar a defensa mutua fronte á OTAN.



Mapa da división do mundo na Guerra Fría (VitoCadiz-CC BY 3.0)

## 1.2 Características xerais da Guerra Fría

As características principais da Guerra Fría foron as seguintes:

- **O enfrontamento entre o capitalismo e o comunismo:** no centro da Guerra Fría atópase unha confrontación ideolóxica entre dous sistemas opostos. O **capitalismo**, defendido polos EE.UU. e os seus aliados, baseado na economía de mercado, a libre iniciativa e a democracia representativa, fronte ao **comunismo**, defendido pola Unión Soviética, que defendía unha economía planificada, a propiedade colectiva dos medios de produción e un sistema político de partido único.
- **A política de contención e a división do mundo en bloques:** a estratexia básica era impedir a expansión do bando contrario a nivel mundial. Para iso empregábanse unha combinación de presións políticas, económicas e militares. O resultado desta política foi a creación dun **mundo bipolar**, caracterizado polo equilibrio entre as superpotencias que manteñen a ameaza mutua.
- **A carreira armamentística:** ambas as potencias investían enormes recursos no desenvolvemento e na acumulación de armas. A existencia de armas de destrución masiva, como as nucleares, converteu o conflito nunha situación de destrución mutua asegurada, na cal o recurso a estas armas implicaría consecuencias catastróficas para o mundo enteiro. A sensación de ameaza e medo permanente é un dos aspectos máis destacados deste período.

- **A carreira espacial:** un dos ámbitos onde a rivalidade entre as superpotencias resultou máis visible foi o da competición polo control do espacio. Este era visto como un reflexo do desexo de ambas as potencias de demostrar a validez dos seus sistemas ideolóxicos e a súa capacidade para liderar o progreso científico.
- **O uso da propaganda:** o uso da propaganda foi un recurso fundamental que buscaba reforzar e cohesionar as respectivas zonas de influencia. O obxectivo básico era convencer dos perigos do bloque contrario para evitar a súa penetración ideolóxica. Isto levou á difusión, máis ou menos velada, de mensaxes nas competicións deportivas, nos medios de comunicación ou no cine.
- **O desenvolvemento das actividades de espionaxe:** os servizos de intelixencia xogaron un papel crucial na obtención de información e na prevención de posibles ataques. Tanto a CIA, americana, como o KGB, soviético, desenvolveron sofisticadas redes de espionaxe que recollían datos sobre o bando contrario ao mesmo tempo que desenvolvían actividades de sabotaxe, propaganda e desinformación.



*Sello romanés conmemorativo do paseo espacial de Gagarin (GetArchive- PDM 1.0)*

## EXERCICIOS

### Exercicio 1

Relaciona os seguintes conceptos cas súas definicións:

#### **OTAN/Plan Marshall/Pacto de Varsovia/Comecon/Doutrina Truman**

- Axuda económica dos EE.UU. para reconstruír a Europa Occidental.
- Alianza militar liderada polos Estados Unidos.
- Organización económica liderada pola URSS.
- Alianza militar creada como resposta á OTAN.
- Estratexia para conter a expansión do comunismo.



## Exercicio 2

Que acción tomou a URSS logo do ingreso da Alemaña Occidental na OTAN?

- a) Abandonou o Pacto de Varsovia.
- b) Invadiu Berlín Occidental.
- c) Creou o Comecon.
- d) Asinou o Pacto de Varsovia.

## Exercicio 3

Cal destas opcións non é unha característica da Guerra Fría?

- a) A existencia de guerras abertas entre os EE.UU. e a URSS.
- b) O desenvolvemento de armas nucleares.
- c) O uso da propaganda.
- d) A carreira espacial.

### 1.3 As etapas da Guerra fría e os conflitos principais

Durante o período de tempo que durou a Guerra Fría, as relacións entre as potencias non se desenvolveron dunha maneira lineal, senón que experimentaron altos e baixos. Aínda así, cada unha destas etapas vai estar caracterizada por un ou varios conflitos que marcarán as relacións internacionais durante ese período. Debido ao temor á destrución mutua asegurada, as potencias evitaron un conflito directo, o que levou ao enfrontamento cara ás *guerras subsidiarias* onde ambas as superpotencias apoiaban bandos contrarios co obxectivo de estender a súa influencia e debilitar o seu rival.

#### 1.3.1 As orixes da Guerra Fría (1947-1953)

Esta é a etapa de formación dos dous bloques. Os Estados Unidos promulgan a **doutrina Truman** en 1947, como política de contención para frear o avance do comunismo. Paralelamente, o **Plan Marshall** (1948) ofrecía axuda económica a países europeos para a súa reconstrución, consolidando a división entre unha Europa Occidental capitalista e unha Oriental comunista. Pola súa parte, a URSS levou a cabo o **bloqueo de Berlín** (1948-1949), para forzar a retirada dos **aliados** da parte occidental, sin obter o resultado pretendido pero determinando a división de Alemaña en dous países distintos. A pesar de todo, o enfrontamento máis grave neste momento foi:

- A **Guerra de Corea (1950-1953)**: a súa orixe está no intento por parte de Corea do Norte (comunista, apoiada pola URSS e China) de reunificar a totalidade do territorio, dividido tras a II Guerra Mundial en dúas metades, coa invasión de Corea do Sur (capitalista, apoiada polos EE.UU. e a ONU). O conflito pasou por varias etapas e obrigou a intervir directamente primeiro os Estados Unidos (baixo a bandeira da ONU) e despois China. A guerra rematou finalmente cun armisticio, que mantiña as fronteiras onde estaban antes do inicio da guerra pero sen un tratado de paz, polo que Corea segue dividida en dous Estados.

### 1.3.2 A coexistencia pacífica (1953-1962)

Despois da morte de Stalin en 1953, o novo líder da URSS, Khrushchev, promoveu unha política de distensión denominada coexistencia pacífica, onde defendía a posibilidade de convivir, sen guerra, cos países capitalistas, sen renunciar á competencia ideolóxica. Isto trouxo unha redución da tensión directa e favoreceu o diálogo e os acordos. A pesar disto, os enfrontamentos continuaron.

- **Crise de Berlín (1961)**: ante os reiterados casos de persoas que fuxían do Berlín Oriental cara ao Berlín Occidental, desencantados co réxime comunista, en agosto de 1961, levántase o tristemente famoso **muro de Berlín**, que acabou simbolizando a *Cortina de Aceiro* e a represión comunista.
- **Crise dos mísiles de Cuba (1962)**: En 1959 triunfa en Cuba unha revolución comunista liderada por Fidel Castro. En 1961, os EE.UU. apoian unha invasión da illa en Baía de Cochinos que fracasa. En 1962 descóbrense mísiles nucleares soviéticos en Cuba. Ante este feito, o presidente americano, J.F. Kennedy, ordena un bloqueo naval da illa e exige a retirada dos mísiles. Despois de días de forte tensión, onde o enfrontamento directo entre as potencias parecía inevitable, Khrushchev acepta a retirada dos mísiles a cambio dun compromiso secreto dos EE.UU. de facer o mesmo cos que tiña instalados en Turquía.



*Che Guevara e Fidel Castro líderes da Revolución Cubana*  
(Alberto Korda- PDM 1.0)

### 1.3.3 Repuntas da tensión (1962-1975)

A crise dos mísiles de Cuba puxo de manifesto o fracaso da coexistencia pacífica e abriu as portas a un novo período de máxima tensión, cun incremento dos gastos militares e en tecnoloxía. Nesta etapa, ambas superpotencias involucráronse en guerras indirectas en países do terceiro mundo.

- **A Guerra de Vietnam (1955-1975):** A orixe do conflito está no proceso de independencia deste territorio fronte a Francia. Este proceso dou lugar á súa división en dúas metades, Vietnam do Norte, comunista, e Vietnam do Sur, capitalista. O rexeitamento por parte do goberno do sur a celebrar eleccións libres, ante o temor dunha vitoria comunista, abriu as portas a unha guerra civil entre a guerrilla comunista (Viet Cong) e o Goberno do sur. A implicación directa dos EE.UU. deu lugar a unha guerra moi dura e impopular, debido ao importante número de vítimas. En 1973, os Estados Unidos, debido ás grandes críticas internas, retíranse do conflito e, en 1975, Vietnam do Norte acaba por unificar todo o territorio baixo un réxime comunista.



*Marine americano ferido en Vietnam*  
(autor descoñecido- CCO dominio público)

#### 1.3.4 A Distensión (1975-1979)

A segunda metade da década de 1970 foi un período de mellora na relación entre as superpotencias, motivada pola necesidade de reducir gastos militares e mellorar as relacións económicas.

Anteriormente a este período, en 1972, asinárase o acordo SALT I, para o control das armas nucleares e limitar o seu número. En 1975 celébrase a Conferencia de Helsinqui, onde as superpotencias recoñecían as fronteiras da Europa de posguerra e comprometíanse a cooperar nas áreas de seguridade, economía e dereitos humanos.

A pesar dos avances acadados neste período, a intervención soviética en Afganistán, en 1979, pon fin a esta etapa.

#### 1.3.5 A repunta do conflito e a fin da Guerra Fría (1979-1991)

A invasión soviética de Afganistán (1979) levou os EE.UU. a apoiar a resistencia levada a cabo por guerrilleiros integristas musulmáns (os *muxahidíns*). Asemade, impulsou un aumento moi importante do gasto militar, cunha política de rearmamento onde destacaba o proxecto denominado *Guerra das Galaxias*. Pola súa banda, a economía planificada soviética entrou en crise, favorecendo a chegada de Gorbachov ao poder e a posta en marcha de reformas como a *Perestroika* e a *Glasnost*, que abriron as portas a protestas en países coma Polonia e Hungría. O 9 de novembro de 1989 caía o **muro de Berlín**, poñendo a fin simbólica á división do mundo en bloques, que remataría definitivamente no ano 1991 coa disolución formal da URSS.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 4

Coloca en orde cronolóxica estes acontecementos da Guerra Fría numerándoos do 1 ao 6:

- [ ] Crise dos mísiles de Cuba.
- [ ] Caída do muro de Berlín.
- [ ] Invasión soviética de Afganistán.
- [ ] Guerra de Corea.
- [ ] Sinatura dos acordos SALT I.
- [ ] Inicio da guerra de Vietnam.

### Exercicio 5

Que evento simboliza o final da división do mundo en bloques?

- a) A Revolución Cubana.
- b) A Conferencia de Helsinqui.
- c) A caída do muro de Berlín.
- d) A morte de Stalin.

### Exercicio 6

Que Tratado pretendía limitar as armas nucleares durante a distensión?

- a) O Tratado de Washington.
- b) O Pacto de Varsovia.
- c) O SALT I.
- d) O Plan Marshall.

## 2. A DESCOLONIZACIÓN

---

A **descolonización** foi un proceso histórico que tivo lugar principalmente despois da Segunda Guerra Mundial, no cal as colonias, especialmente de África e Asia, alcanzaron a súa independencia das potencias europeas. Este fenómeno transformou o mapa político mundial e está intimamente ligado a contextos como o da Guerra Fría.

### 2.1. As causas da descolonización

A descolonización foi o resultado dunha combinación de factores internos e externos que forzaron as potencias coloniais a reconsiderar a súa presenza nos territorios colonizados. Algúns dos factores máis relevantes foron os seguintes:

- **Os cambios económicos e políticos en Europa:** as potencias europeas quedaron moi debilitadas logo da Segunda Guerra Mundial. Isto provoca que xa non teñan a forza militar e económica necesaria para manter as súas colonias.
- **O ascenso dos nacionalismos:** os movementos nacionalistas favorables á independencia foron ganando forza ao longo do século XX. As súas reivindicacións buscaban unha emancipación política, pero tamén o recoñecemento da súa identidade cultural.
- **A influencia das ideas democráticas e dos dereitos humanos:** o ambiente creado despois da guerra, referido aos dereitos humanos e á autodeterminación dos pobos, crearon a contorna propicia para a descolonización.
- **A presión internacional:** organismos coma as Nacións Unidas tiveron un papel fundamental no impulso da descolonización, despertando a atención da comunidade internacional ante as inxustizas do sistema colonial e promovendo o dereito dos pobos a decidir o seu propio futuro.


### 2.2. Os movementos de independencia e o proceso de descolonización

#### 2.2.1. África

África foi un dos continentes máis afectados polo proceso de descolonización. O século XX asistiu ao nacemento de numerosos procesos independentistas que foron loitando durante décadas para acadar a independencia.

Un dos exemplos máis emblemáticos foi o de Alxeria, onde a loita contra o dominio colonial francés levou a un longo proceso de guerrilla e resistencia. Outros territorios como Angola ou Mozambique seguiron rutas semellantes, marcadas tanto polos conflitos armados como por procesos de negociación.

A independencia dos países africanos supuxo para estes enfrontarse a enormes desafíos, como os conflitos étnicos derivados das fronteiras arbitrarias trazadas polos colonizadores ou a necesidade de reestruturar unhas economías baseadas na explotación dos recursos naturais, cunhas infraestruturas moi deficientes e un sistema educativo moi debilitado.



Mapa da descolonización (Universalis-CC BY SA 4.0)

### 2.2.2. Asia

En Asia, a descolonización tamén foi un proceso complexo con múltiples matices. Un exemplo destacado é o da India, onde o movemento independentista, liderado por Gandhi, recorreu á resistencia non violenta como ferramenta para acadar a liberdade fronte ao dominio británico. A súa independencia serviu de inspiración a outras nacións para acadar a súa emancipación.

Outro exemplo de loita independentista foi a de Vietnam, xa comentada neste mesmo tema, que se converteu nun símbolo contra o imperialismo e a intervención estranxeira.

### 2.2.3. O Neocolonialismo

A independencia formal non sempre significou liberdade real. O **Neocolonialismo** é unha forma de dominio económico, político e cultural que exercen os países desenvolvidos sobre as antigas colonias, sen necesidade de control militar directo. En lugar de conquistar territorios, as potencias influen a través de empresas multinacionais, débedas e tratados desiguais. Moitas veces, estas relacións neocoloniais impóñense mediante intervencións militares, como o asasinato do primeiro ministro do Congo, Patrice Lumumba, ou o de Thomas Sankara en Burkina Faso, e a súa substitución por gobernos favorables aos intereses de occidente.

### 2.2.3. O Movemento dos Non Aliñados

Vinculado co proceso de descolonización, este movemento xurdiu como unha terceira vía entre os dous grandes bloques hexemónicos da Guerra Fría. O seu obxectivo era defender a paz e a soberanía nacional entre os países do chamado Terceiro Mundo, moitos deles



xurdidos dos procesos de descolonización. Tamén aspiraban a darlles voz, ao tempo que denunciaban o colonialismo, o racismo e a desigualdade.

Este movemento foi creado na **Conferencia de Bandung (1955)** e consolidado na **Conferencia de Belgrado (1961)**. Entre os seus líderes destacan Nehru (India), Tito (Iugoslavia) e Nasser (Exipto).

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 7

Relaciona cada concepto co seu significado ou exemplo.

#### **Neocolonialismo / Conferencia de Bandung / guerra de Alxeria / Gandhi / fronteiras coloniais**

- Dominio económico ou político sen control militar directo.
- Exemplo de conflito armado para acadar a independencia.
- Problema que xerou conflitos étnicos tras a independencia.
- Nacemento do Movemento dos Non Aliñados.
- Resistencia non violenta contra o dominio británico.

### Exercicio 8

Que factor **non** foi unha causa da descolonización?

- a) A presión internacional.
- b) O ascenso dos nacionalismos.
- c) O aumento da colonización europea.

### Exercicio 9

Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F). Se son falsas, corrixe o erro.

1. [ ] A descolonización foi un proceso iniciado antes da Primeira Guerra Mundial.
2. [ ] A ONU apoiou o dereito dos pobos a decidir o seu futuro.
3. [ ] A independencia formal dos países africanos asegurou sempre o seu desenvolvemento e estabilidade.



## SOLUCIÓN

---

### Exercicio 1

- a) Axuda económica dos EE.UU. para reconstruír Europa Occidental. **Plan Marshall.**
- b) Alianza militar liderada polos Estados Unidos. **OTAN.**
- c) Organización económica liderada pola URSS. **Comecon.**
- d) Alianza militar creada como resposta á OTAN. **Pacto de Varsovia.**
- e) Estratexia para conter a expansión do comunismo. **Doutrina Truman.**

### Exercicio 2

- d) Asinou o Pacto de Varsovia.

### Exercicio 3

- a) A existencia de guerras abertas entre os EE.UU. e a URSS.

### Exercicio 4

- (3) Crise dos mísiles de Cuba.
- (6) Caída do muro de Berlín.
- (5) Invasión soviética de Afganistán.
- (1) Guerra de Corea.
- (4) Firma dos acordos SALT I.
- (2) Inicio da guerra de Vietnam.

### Exercicio 5

- c) A caída do muro de Berlín.

### Exercicio 6

- c) Salt I.



### Exercicio 7

- Dominio económico ou político sen control militar directo. **Neocolonialismo.**
- Exemplo de conflito armado para acadar a independencia. **Guerra de Alxeria.**
- Problema que xerou conflitos étnicos tras a independencia. **Fronteiras coloniais.**
- Nacemento do Movemento dos Non Aliñados. **Conferencia de Bandung.**
- Resistencia non violenta contra o dominio británico. **Gandhi.**

### Exercicio 8

- c) O aumento da colonización europea.

### Exercicio 9

1. **(F)** A descolonización foi un proceso iniciado antes da Primeira Guerra Mundial.  
**Comenza despois da Segunda Guerra Mundial.**
2. **(V)** A ONU apoiou o dereito dos pobos a decidir o seu futuro.
3. **(F)** A independencia formal dos países africanos asegurou sempre o seu desenvolvemento e estabilidade.  
**A independencia non foi garantía para o desenvolvemento nin para a estabilidade.**